

# Nova Escola Galega fala de si

Boletín interno Nº 0, marzo 2019

## Apoiándonos



**XXXV Asemblea Xeral de NEG**

# NEG fala de si



## índice

**Unha nova etapa - 1**

**O noso sentir - 2**

**NEG por dentro - 3**

- ~ Xestionando
- ~ Actividades
- ~ Grupos de traballo
- ~ Publicacións
- ~ Pensádonos

**Interactuando no cotián - 21**

- ~ Educación infantil
- ~ Educación primaria
- ~ Ensino secundario
- ~ Universidade

**NEG escoita - 26**

**De interese - 28**

**Isto acontece - 30**

**Bibliografía - 31**

**Sorrisos - 33**

## Unha nova etapa

**Mariló Candedo (Presidenta de NEG)**

Co propósito de servir de canle de comunicación entre nós e coa idea de que sexa unha ferramenta aberta á participación do conxunto de asociados e asociadas foi tomando corpo esta nova proposta de boletín interno.

Na nosa vida asociativa tivemos varias iniciativas destas características, baixo formatos diferentes: desde o ano 1984 ate o 2006 fomos quen de sacar á luz 54 números dun boletín interno en papel, que foi variando a súa estrutura e contido co paso do tempo, no que ademais de informar sobre as distintas iniciativas da asociación recollía reflexións por parte das persoas asociadas sobre aspectos e implicacións do traballo profesional ou do activismo social. Máis recentemente, entre os anos 2014 - 2016 editamos 5 números dun boletín dixital que trasladaba información sobre as actividades de formación, a saída de novos números da Revista Galega de Educación, e, no seu caso, algúns posicionamentos públicos sobre a actualidade educativa. Como queira que seguiu sendo necesario enviar comunicacións por correo electrónico relativas ás actividades ou a outras iniciativas, e que a presenza no web e nas redes sociais foi medrando, pareceu pouco acaído manter unha comunicación vía boletín dixital para redundar na mesma información. Ambos boletíns poden ser consultados na nosa intranet, no apartado de publicacións.

Nestes últimos tempos e máis concretamente o curso pasado o secretariado comezou unha reflexión encamiñada a promover unha maior comunicación dentro do noso espazo asociativo e, nese contexto, xurdiu o interese por retomar un boletín interno semellante - salvando as distancias que o tempo impón - a aquel primeiro. Para esta nova etapa estarán pendentes da súa coordinación as nosas compañeiras Esther Vázquez e Camino Pereiro ás que agradecemos a súa implicación nesta tarefa.

O número 0 que presentamos acolle principalmente achegas das persoas que hoxe en día conformamos o secretariado, Grupos de Traballo e outros equipos estables da asociación como o Consello de Redacción da RGE. Porén, a pretensión de cara a futuros números é conseguirmos colaboracións de distintas persoas da asociación, que atopen nesta iniciativa un espazo acaído no que pousar reflexións ou propostas arredor do mundo educativo no que nos movemos, sexan desde unha óptica profesional ou máis persoal. Nova Escola Galega ten un abano de asociados e asociadas con perfís e situacións profesionais diferentes, e desde todas elas se poden ofrecer análises e relatos de moito interese.

A estrutura deste novo boletín "NEG fala de si" acolle espazos para compartir o noso sentir como membros de NEG, para estar ao tanto do seu funcionamento ou para coñecer a realidade educativa na que nos movemos. Ao mesmo tempo, quere ser punto de encontro de opinións diversas e relevantes sobre a traxectoria desta MRP. Agardamos que esta nova canle de comunicación se poida sostener no tempo a partir dun traballo colaborativo e en rede no que nos recoñezamos como parte dun proxecto pedagóxico de longa traxectoria, que pula pola transformación social a través do compromiso educativo: anovando, aprendendo, galeguizando.

# O noso sentir

## Comezando a miña andaina en NEG

Silvia Puga (Orientadora escolar e membro do secretariado)

Foi alá polo 2013 cando, cursando 4º de Pedagogía, o profesor Suso Rodríguez nos deu a coñecer o Seminario Obradoiro Internacional de Avaliación de materiais didácticos. Alá fomos unhas compañeiras e eu empapármous de ideas para a tan necesaria renovación pedagóxica. Así, durante varios seminarios entre furanchos e experiencias educativas, vivimos encontros que nos encheron dunha utopía realizable.

Tempo despois Suso animounos a asistir ao XXVIII Encontro Galego Portugués de educadoras e educadores pela paz.

E alá fomos coñecer persoas que buscaban un mundo diferente. Alí coñecemos xente coa que compartir, e reencontrámonos con previas referentes. E xa non deixamos de ir sempre que puidemos.

"...vivimos encontros que nos encheron dunha utopía realizable.... E xa non deixamos de ir sempre que puidemos."



Despois coñecemos os Encontros de debate sobre o Medio Rural, da man de Alicia López que nos convidou con especial cariño a Samos. Levando a un rural esquecido polo sistema toda a forza e ilusión que unha referente coma ela ten e contaxia aos/ás que nos achegamos. Foron estes os meus primeiros encontros con Nova Escola Galega. Pouco a pouco fun descubrindo novas facetas da asociación. Asocieime porque me sentía parte dun movemento de renovación pedagóxica e gustábame encontrarme con persoas coas que compartir inquedanzas.

Así foron estes anos para mim en NEG, empapándose dos diferentes encontros e coñecendo persoas que son todo un referente en xeito de vivir, e de vivir a profesión. A seguinte etapa coincidiu co estudo da oposición e o illamento que iso implica. Foi tamén unha etapa de incorporación ao Secretariado de NEG.

Hoxe estou nun momento de repensar o meu lugar en NEG, coas dúbidas de se o Secretariado é o meu lugar, e coñecendo espazos con maior interese para a miña praxe profesional.

Hoxe encontrarme con estas persoas que coñecín da man de NEG é un sopro de ilusión e un impulso para seguir construíndo a escola que queremos.

Os diferentes encontros son para mim vivencias de utopía realizable e dun compartir interxeracional Enriquecedor que me enchen de ilusión.

# Un territorio común no que habitan ideas e persoas que queremos outra Galicia

**Antón Costa** (Docente universitario e membro do Secretariado)

Ante a cuestión "...que me vén dando a mi ser parte de NEG, e que creo que vén dando á realidade na que me veño movendo dentro e /ou fóra dela..." quero sinalar que, para mi, Nova Escola Galega é un débil /forte territorio común no que habitan ideas e persoas, eu unha delas, que queremos outra Galicia.

Débil si, pero necesario e ainda non acertamos a construír outro mellor. Forte, polo profundo desexo da cooperación e de avance colectivo cara a outra Galicia.

Unha Galicia que imaxinamos con forte sentido de cidadanía, laica, espazo inclusivo, apoderado sobre os seus recursos, galeguizado, participativo e reflexivo, xusto, con liberdade sen menoscabo do esixible desenvolvemento humano de todas as persoas.



Que precisa ser construída e artellada tamén desde a educación e desde as escolas.

Chegamos ao convencemento da necesidade de dispoñer dunha casa común para avanzar mellor as novas prácticas, as novas orientacións, para poder elaborar propostas teórico-prácticas. Desde 1983 este "territorio común no que habitan ideas e persoas" é, cos seus defectos e desgustos, unha escola de aprendizaxe da acción social, sobre todo cando reflexionamos, debatemos, formulamos documentos e acordamos que camiños andar, por que, cara a onde, con quen...


Un territorio pequeno e limitado, nun contexto dominante poderoso e contrario.

Mais, é o camiño: non hai atallos, nin se vai mellor cara ao horizonte por vías que reforcen o individualismo. É neste senso que falo de debilidade.

Se cadra, precisamos construír un territorio mellor, máis ao día, pero non se poderá facer por fóra deste ou descoñecendo e sen valorar o que significa colectivamente este territorio común. Sen valoralo, coas súas limitacións tamén, nada se poderá facer mellor desde as e os educadores dispostos a construír un digno futuro, desde a educación e desde Galicia.

Sen este "territorio común" Galicia sería ainda más limitada (7 de xaneiro de 2019).

"Chegamos ao convencemento da necesidade de dispoñer dunha casa común para avanzar."



ENSINAR... NON  
SEN A POESÍA

## Pingas sobre o río

Alicia López Pardo (Mestra  
xubilada en activo)

Seguimos na andaina.  
Con maiordose de  
resistencia ou de  
ilusionada esperanza?  
Ou porque a recuada  
destes tempos fai fervor  
o sangue? Ou porque  
sinistras forzas petan  
con golpes secos que  
soan a ameazas?  
Subimos os chanzos de  
décadas de accións  
frutíferas amparadas en  
loitas, gabeamos ata o  
pico de moreas de  
medas -daquelas que  
gardan as espigas de  
sementeiras  
centenarias- e dende  
alí albiscamos unha  
paisaxe provocadora de  
inquietud. Nas eiras  
das saudades, nas que  
mallaron xeracións  
arriscadas, hoxe  
brincan moi contadas  
crianzas

ou por elas ninguén  
pasa, pero áinda nelas  
os merlos celebran o  
solpor.  
Nos atinos e desatinos  
da nosa rodaxe, co  
acubillo de Nova  
Escola Galega,  
construímos un senso  
común que eu asentei  
canda aquel vello  
dito: "O que é  
necesario ten que ser  
possible".  
Nesa feima  
avanzamos, coma  
pingas miúdas no  
intent de manter a  
corrente do río.

Quizais nos empuxa a crenza  
ousada de que, mentres  
algunha inqueda mocidade  
se nos achegue na procura  
de certas referencias, terá  
senso conservar a utopía.  
Áinda coido que seremos  
quen de portar o legado que  
noutrora recibimos.



" Quizais nos empuxa a crenza ousada de  
que, mentres algunha inqueda mocidade  
se nos achegue na  
procura de certas referencias, terá senso  
conservar a utopía.."

# NEG por dentro

## Xestionando NEG

Mariló Candedo (presidenta de NEG)

Nova Escola Galega conta con dous órganos de goberno, a Asemblea Xeral e o Secretariado Nacional, encargados de desenvolver os distintos ámbitos de traballo que sustentan a nosa vida asociativa.

Na Asemblea xeral anual apróbanse as memorias de actividades e a económica do ano anterior; ratifícanse os orzamentos de ingresos e gastos do ano en curso; o programa de actuación dentro da liña pedagóxica da asociación; elixense os cargos para o Secretariado e ratifícanse os vogais representantes dos grupos de traballo propostos por eles e, no seu caso, ratifica a constitución de grupos da asociación.

No tocante ao Secretariado Nacional, desenvolve competencias vinculadas ao funcionamento diario da Asociación, tomando as decisiós precisas para executar o programa de actuacións aprobado pola Asemblea Xeral, sendo o encargado de convocala e de presentar as memorias económica e de actividades do ano anterior, e a de actividades do ano en curso, así como aprobar o orzamento de ingresos e gastos.

A composición do Secretariado inclúe á presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesouraría, cinco vogais, e mais un vogal representante por cada un dos grupos de traballo, e conta cun representante da RGE, que a estes efectos enténdese como un grupo de traballo máis. Os cargos do Secretariado Galego renóvanse

cada catro anos, podendo seren reelexidos por dous períodos máis de dous anos cada un. No caso do actual secretariado, cómprele afrontar na vindeira Asemblea Xeral a renovación dos cargos que esgotaron mandato. Dentro do propio Secretariado e para a xestión de moitos aspectos concretos funciona a Comisión Permanente, integrada pola presidencia, vicepresidencia, secretaría e tesouraría. As dinámicas de traballo deste órgano implican reunións presenciais - unhas nove cada ano - ás que adoita asistir unha media de oito persoas, e, comunicacións a través do correo electrónico, como

"No último ano iniciouse un proceso de reflexión na procura de renovación do secretariado e das distintas liñas de acción da Asociación."



procedemento para completar documentos e tomar decisiones operativas. Entre as súas xestións más destacables están:



#### **SECRETARIADO NACIONAL 2018**

M<sup>a</sup> Dolores Candedo Gunturiz (Presidenta)

Xosé Lastra Muruais (Vicepresidente)

Sonia Fernández Casal (Secretaria)

Sonia López Soto (Tesoureira)

Carmen Morán de Castro

Silvia Puga Castro

Xosé Ramos Rodríguez

Javier Rouco Ferreiro

Alexandre Sotelino Losada

Xosé Manuel Cid Fernández

Camino Pereiro González

#### **Representantes de grupos de traballo**

Esther Vázquez Otero (Grupo Cambela)

Ana Isabel Castro Rodríguez (Grupo Cavila)

Belén Piñero Álvarez (Grupo Educadores/as pola Paz )

Alicia López Pardo (Grupo de Educación no rural )

#### **Representante da Revista Galega de Educación**

Antón Costa Rico

administrativa.

Nos últimos tempos a xestión das actividades, da economía da Asociación, do proceso de elaboración e difusión relacionados coa Revista Galega de Educación, e mesmo da proxección social de todo o que facemos, fíxose máis complexa sendo imprescindible contar cunha persoa ocupada nestes múltiples labores.

Ao mesmo tempo, contamos cun local amplio no que se celebran as reunións do secretariado, grupos de traballo, consello de redacción da RGE, e se desenvolven algunas actividades en formato obradoiro. Está situado na: Rúa das Hedras 4-2ºO · O Novo Milladoiro · 15895 Ames (A Coruña), sendo o seu contacto a través do teléfono e fax 981 562 577, o correo electrónico é negeneg.gal e cuxo horario de atención ao público é 10h a 14h.

- Coordinar o conxunto da oferta formativa da Asociación, na que se inclúe a elaboración dun Programa de Formación Anual que recolle as actividades susceptibles de homologación por parte da Consellería, e outras iniciativas en distintos formatos: obradoiros, seminarios, xornadas, congresos, etc.

- Programar periodicamente debates abertos ao conxunto da Asociación, coa pretensión de actualizar as nosasposiciones e difundilas á propia comunidade educativa e á sociedade.

- Manter unha presenza continuada na comunidade educativa e de cara á opinión pública; neste senso, compre destacarmos o esforzo realizado na elaboración de documentos e posicións, así como a colaboración en foros de debate e outras iniciativas cando nos é requirido.

- Desde que temos a sede social en Ames, iniciamos un proceso de apertura cara á comunidade educativa deste concello, que se concretou na celebración de actividades de debate e formación -realizadas na nosa sede ou nos centros educativos ou noutros espazos do concello-, presentación de diferentes números da RGE e, na actualidade, no asesoramento de distintos plans de igualdade.

No último ano iniciouse un proceso de reflexión na procura de renovación do secretariado e das distintas liñas de acción da Asociación.

O desenvolvemento das distintas accións da asociación sería impensable sen o labor desenvolvido desde a nosa sede pola persoa que actúa como secretaría

## Actividades

As actividades de formación adoptan formatos moi diversos: congresos ou xornadas, seminarios, obradoiros ou charlas de debate. Algunhas delas foron consolidándose no tempo, e outras teñen un carácter máis puntual. Para a súa realización nalgunhas delas tense en conta un certo criterio de itinerancia, coa dobre finalidade de levar estas temáticas aos distintos recunchos do país, e, recoñecer experiencias que se desenvolven en contextos concretos que é necesario visibilizar.

As actividades que se poden considerar consolidadas e que teñen citas periódicas son:

- **Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz**, organizado polo Grupo Educadoras/as pola Paz e que prepara a súa XXXIII edición.
- **Encontros de Debate sobre o Medio Rural**, organizado desde o Secretariado e/ou desde O Grupo de Educación no Rural, e que leva unha ducia de edicións, as dúas últimas centradas na Terra de Miranda.
- **Seminario – Obradoiro Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos**, organizado polo Grupo Cavila, do que se prepara a súa décima edición
- **Seminario sobre a Memoria Histórica**, organizado por persoas asociadas e contando coa colaboración doutras asociacións, do que se prepara a súa X edición.
- **Congreso Internaciona A fenda dixital**, que desenvolveu catro edicións cunha organización mixta entre NEG e as universidades galegas.
- **Congreso de Patrimonio Etnográfico**, organizado desde Ourense, en colaboración coa UVigo.

Outras iniciativas que naceron con vocación de continuidade, agardan atopar o seu eco na formación do profesorado así como o pulo organizativo que a sustente.

- Neg - Xornadas de Educación e Cultura Tradicional
- Xornada sobre Coeducación Rural, Ecofeminismos e Diversidades
- Pingueira. Encontro Transdisciplinar de Co-Aprendizaxe en Contexto

O curso pasado desenvolvemos a primeira formación en liña: **Curso En Liña – Pensar E Xogar: Filosofía Para Crianzas**, resultando unha experiencia iniciática moi ben valorada.

Nos últimos anos e aproveitando as posibilidades que ofrece a nosa sede, realizáronse diferentes Seminarios e Obradoiros sobre temáticas moi variadas e cunha orientación moi aplicada (técnica vocal, percusión, robótica educativa, os cans como recurso educativo, etc) . Asemade, e coa intención de ofrecer oportunidades de formación e debate á comunidade educativa de Ames, desenvolvemos distintas iniciativas baixo o formato de obradoiro ou charla-debate sobre temáticas moi diversas: obradoiros de danza tribal, videoxogos, igualdade e charlas sobre: os deberes escolares, as redes sociais, o quecemento global, os xogos populares, historia do feminismo, entre outras.

## 35 anos de Educación para a paz. Cómpren reforzos

Educadores/as pola paz (Xosé Manuel Cid, membro do GT)

"Suso foi para Vigo, pero a través daqueles traballos que publicaba n'As Roladas 2, especialmente os relativos ao "estudo do medio", e as moitas conversas telefónicas, seguiamos a formar parte desa xeración que - grazas ás ensinanzas dos nosos mestres, que logo eran colegas- pensaba e actuaba na práctica educativa cunha mentalidade e un "facer" diferente, un ben facer..."

Cursaba eu o segundo curso de estudos de Pedagogía no Colexio Universitario de Ourense, cando a televisión confirmou o que xa todos sabíamos: "Franco ha muerto", verdade a medias pois non falta xente que cree na resurrección.

E falando de resurrección, cursaba eu eses estudos e escocitaba cousas novas na educación daquel tempo, como a de que o galego debía ser a lingua normal de ensino en todos os niveis, ou aquilo de que os aprendentes deben ser activos e protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo estaba no internado do Colexio Menor Calvo Sotelo, e como o seu nome indica, ese día da morte física de Franco, os meus colegas estaban ás 5 da mañá relixiosamente cantando o *Cara al Sol* no Parque de San Lázaro, en memoria de José Antonio. Eu quedaba escondido debaixo da cama, pero os que ían, uns facían obligados e outros mesmo convencidos de que o seu entusiasmo podía resucitar aqueles ilustres patriotas.

Pero do que se trata é de falar da outra tese que eu defendía nesta colaboración, e que me foi pedida polas amigas dinamizadoras deste boletín. Dicía que algunas profesoras no instituto e na universidade - a Henrique e a Mercedes, desde paradigmas distintos - viñan asociando galeguización e renovación educativa, traendo textos prohibidos ás aulas, e convidando mestras da pedagogía renovadora a falarnos das súas experiencias. Lembro con especial cariño ás mestras freinetianas da barraxe das Conchas, Maribel Santos e compañía.

Na miña formación - que reforzaba ese meu espírito subversivo que amosaba resistíndome a irlle rezar a José Antonio e Franco - seguiron a mesma liña do Colexio Universitario, o s profesores de Santiago, Herminio e Antón, especialmente, e como non, os "iguais", Narciso, Rafa, Neves, Paz... e como non, Suso.

Ai estou onde quería chegar. Pronto acabamos a carreira, e Suso Jares era mestre en distintas escolas rurais de Ourense. Un compañeiro de estudos converteuse pronto no referente empírico dessa pedagogía Freinet, que eu tamén tiña

interiorizado, pero só teoricamente, para incorporala ás miñas clases de Pedagogía do Colexio Universitario, daquela nos oitenta como profesor.

Suso foi para Vigo, pero a través daqueles traballos que publicaba n'As Roladas 2, especialmente os relativos ao "estudo do medio", e as moitas conversas telefónicas, seguiamos a formar parte desa xeración que - grazas ás ensinanzas dos nosos mestres, que logo eran colegas - pensaba e actuaba na práctica educativa cunha mentalidade e un "facer" diferente, un ben facer, cando menos nas nosas intencións e por veces constatable coas evidencias, que chegaban dos estudiantes ou dos colegas que se ían sumando en grupos de traballo.




A través destes grupos de traballo, confluímos en Nova Escola Galega, en 1983, un mes de xuño, e bendito día. Formar parte desta asociación, aprender da experiencia dos máis "vellos" e das ganas de aprender dos mais "novos", vaia se pagou a pena.

En xaneiro de 1984, no Salón da Caixa Vigo tiveron lugar as I Xornadas de Educación para a Paz. Alá foi un autobús de Ourense, e aproveitamos para pasar antes polo García Barbón e ver o horto escolar, e escutar do directore dos estudiantes como se xestionaba aquilo democraticamente, en assembleas de aula, de ciclo, de centro, etc. Ese concepto amplio de paz foi calando entre nós, e continuamos as xornadas en Ourense ata 1997, mentres que os encontros comenzaron máis tarde pero continúan con boa saúde despois de 33 edicións en distintos puntos de Galicia e Portugal. Os próximos no Carballiño, onde foi tamén a terceira edición de 1989. Se, no comezo, tiñamos como referente o día da paz, 30 de xaneiro, hoxe é o 25 de abril, na fin de semana máis próxima. Non vos vou contar máis, pois as memorias, a revista e sobre todo os libros que coordinou Suso no 2008, contan boa parte dessa historia. Agora ben, se ten sentido contala é para darréle continuidade. Cómpren reforzos de xente nova con ideais de galegideade, renovación e pacifismo.

"A través destes grupos de traballo, confluímos en Nova Escola Galega, en 1983, un mes de xuño, e bendito día.

Formar parte desta asociación, aprender da experiencia dos máis "vellos" e das ganas de aprender dos mais "novos", vaia se pagou a pena."



Cartaz do vindeiro encontro de Educadoras/as pola paz.



Belén Piñeiro Álvarez, representante no secretariado NEG do grupo de trabalho EDUCADORE/AS POLA PAZ, e coordinadora actual, do grupo, participando no *Recoñecemento a Suso Jares de boas prácticas educativas na convivencia, nas escolas de educación Infantil Mestre Goldar (Lavadores) e Santa Cristina (Castrelo)*. Ambas de Vigo".

## Grupos de traballo

### CAMBELA en NEG

Grupo de traballo (*Beti, Carmela, Carmen, Elena, Encarna, Esther, Isabel, Laura, Lourdes, María, Marisa, Rosa Calvo, Rosa García, Tere Ferreiro e Xulia Quintela*)

" Sempre na procura do máximo desenvolvemento de cada escolar, a través da vivencia da diversidade como valor, da experimentación da equidade, da resolución pacífica de conflitos... sempre axudando a medrar no proceso da adquisición da autonomía, no persoal e no grupal."

Compartir de Cambela na nosa casa común que é NEG nesta nova etapa do boletín interno, lévanos asalientaro que nos veu caracterizando ao longo da nosa traxectoria transformadora nas aulas, primeiro só en Educación Infantil e Primaria, e posteriormente tamén no ensino secundario.

Esa liña de traballo na que a metodoxía **acción- investigación- acción** veu sendoa protagonista que nos permitiu avanzar xuntas, axustandoas nosas intervencións ás persoas reais coas quetraballamos, acollendo a súa globalidade e o seu xeito persoal de interaccionar coas realidades máis e menos próximas.

Sempre na procura do máximo desenvolvemento de cada escolar, a través da vivencia da diversidade como valor, da experimentación da equidade, da resolución pacífica de conflitos... sempre axudando a medrar no proceso da adquisición da autonomía, no persoal e no grupal.

Afondar sobre as posibilidades que ofertaba a organización *espazo-temporal das aulas, os límites e o papel da persoa adulta*, facilitounos moito introducirnos nas metodoxías didácticas baseadas no construtivismo, integrando as contribucións das escolas de Módena, e das impulsadas por Marcelino Vaca, por Emilia Ferreiro, por Suso Jares...por NEG e polos MRP. É nesta última década

cando, adentrándonos no ámbito da psicoloxía, atopamos respostasás situacións que máis nos custaba desatascar. A formación en *Análise Transaccional e psicoterapia integrativa con Isabel López Arias*, achegounos recursos adaptables á nosa teoría e práctica educativas, abríndonos novas posibilidades que contribúen á calidade e á eficacia das nosas intervencións, tamén dende o avance no propio nivel de autonomía.

En todo o proceso foi determinante o **grupo de traballo** como tal, en tanto as súas componentes coincidimos en NEG, praticamente ao longo da nosa traxectoria profesional, cun nivel semellante de motivación por transformar o mundo educativo: anovando, galeguizando, democratizando... E as compañeiras que, hai uns anos, entraron a formar parte do noso seminario dende o *grupo de formación* dependente de Cambela, puideron facelo pola sintonía que vivenciabamos nel, e que seguimos compartindo xatadas como membros de Cambela.



## Grupo CAVILA

Ana Isabel Castro Rodríguez (*Representante do grupo no Secretariado*).

" Procúrase ofrecer ferramentas de acción que o profesorado utilice no mesmo momento de realizar esta actividad formativa, cuestionando os propios materiais e o uso que se deriva da súa práctica reflexiva nas aulas. Este seminario dá cabida á participación de familias, ANPAS, profesorado de diferentes ámbitos educativos, editoriais, asociacións e institucións socioeducativas diversas, ONG, etc.."

O Grupo Cavila ten unha traxectoria de máis de 20 anos no ámbito da investigación e avaliación dos materiais didácticos. Na actualidade conta con 11 profesionais do ensino, como mestras/es, pedagogas/os, profesorado universitario, persoas que comprenden a importancia de reflexionar sobre os materiais didácticos e os recursos que empregamos nos nosos contextos educativos en concreto e nos máis diversos ámbitos de intervención socioeducativa.

### Que nos preocupa?

- O papel dos recursos educativos nos procesos de ensino e aprendizaxe, motivo polo que focalizamos o tema na avaliación dos materiais e na súa elaboración dentro e fóra da escola.
- O desconecemento da existencia de guías de avaliación dos recursos educativos e a escasa dedicación dos profesionais na elección dos materiais didácticos.
- Adecuación dos materiais didácticos empregados ao contexto e ao alumnado.
- As demandas das familias relacionadas con temáticas actuais que interfieren no desenvolvemento evolutivo dos seus fillos/as.
- O uso do galego nas escolas e nos libros de texto e libros dixitais.

### Funcionamento no traballo do Grupo Cavila:

Ten como representante no Secretariado de NEG a Ana Isabel Castro Rodríguez. Durante estes últimos anos, a liña de traballo do grupo, céntrase na investigación da avaliación dos recursos educativos e na organización anual do **Seminario-Obradoiro de Avaliación de Materiais Didácticos**. Para sacar este proxecto adiante, os integrantes teñen diferentes xuntanzas físicas (a mobilidade xeográfica dificulta a frecuencia destas) e online, onde avalían e analizan cada punto do seminario anterior para decidir cal será o camiño do seguinte seminario. Sempre se elixen temas de actualidade e de interese para docentes e familias.

Estes seminarios teñen un carácter innovador e emprendedor como parte necesaria da formación docente actual, presentando un carácter práctico no que se parte de distintos modelos de avaliación de recursos dirixidos aos distintos ámbitos de ensino (regrado ou non). Procúrase ofrecer ferramentas de acción que o profesorado utilice no mesmo momento de realizar esta actividad formativa, cuestionando os propios materiais e o uso que se deriva da súa práctica reflexiva nas aulas. Este seminario dá cabida á participación de familias, ANPAS, profesorado de diferentes ámbitos educativos, editoriais, asociacións e institucións socioeducativas diversas, ONG, etc.

### **Compoñentes:**

- ~ *Xesús Rodríguez Rodríguez: profesor na USC, director da Revista Galega de Educación, Presidente da Asociación de investigación IARTEM, membro do grupo de investigación da USC Stellae.*
- ~ *Mª Montserrat Castro Rodríguez: profesora na UdC, membro da asociación de investigación IARTEM.,*
- ~ *Rosa Mª Vicente Álvarez: mestra no CEIP Ramón Cabanillas (Santiago de Compostela), profesora asociada no Campus de Ourense (Universidade de Vigo), investigadora no GI Stellae (USC).*
- ~ *Silvia López Gómez: pedagoga na Spin-off DIMElab (desenvolvemento e análise de medios educativos), actualmente profesora interina de substitución na UVigo, membro do Grupo de Investigación Stellae (USC).*
- ~ *Camino Pereiro González: Mestra de Ed. Primaria e directora do CPI Plurilingüe Virxe da Cela. Forma parte do Secretariado de NEG.*
- ~ *C. Denébola Álvarez Seoane: mestra de Educación Física e pedagoga, actualmente profesora interina de substitución na USC, membro do grupo de investigación Stellae da USC, Presidenta da Asociación de Investigadoras e Investigadores Herminio Barreiro e responsable de formación da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío.*
- ~ *Marta Esplugues Cebrián: mestra da escola pública dende 2010 en CAES, CRA. Profesora do máster de cooperación da Universidade de Valencia durante os anos 2011-13, Doctora en Filosofía y Ciencias de la Educación. Na actualidade, traballa no CEFIRE de Alcira (Valencia). A súa tese titulouse “El currículum de la educación para el desarrollo en los materiales didácticos editados por las ONG”.*
- ~ *Mª Covadonga Avello García: mestra diplomada en Educación Física e Relixión.*
- ~ *Rocío García Pazos, pedagoga: xefa e coordinadora do Centro Pedagóxico Aloumiño C.B. Doutoranda no Departamento de Didáctica e Organización Escolar. Actualmente traballa como pedagoga con nenos/as a partir de 3 anos de idade e coordina diferentes actividades de conciliación familiar do Concello de Palas de Rei.*
- ~ *M. Helena Zapico Barbeito: profesora na Universidade da Coruña, membro dos grupos de investigación PEHS (UDC) e Stellae (USC).*
- ~ *Ana Isabel Castro Rodríguez: mestra diplomada en Lingua Inglesa. Na actualidade imparte a especialidade de Pedagoxía Terapéutica na escola pública en Galicia. Representa ao Grupo Cavila no Secretariado .*

O Grupo Cavila tamén colabora na organización e desenvolvemento de actividades con outras entidades que traballan na mesma liña como por exemplo:

- Os días 24-25 de xaneiro do presente ano, colaborouse co grupo de investigación Stellae e a asociación IARTEM na organización do **Simposio Internacional de ME&DM**.

- Xunto coa Universidade de Ourense, vén organizando cada dous ou tres anos o **Congreso da Fenda Dixital**, do cal están publicadas as actas de edicións pasadas. Xa vai pola organización do V Congreso, mais ainda non está fixada a data nin o lugar de celebración.

Tamén barallan a posibilidade de que no ano 2020 se leve a cabo o **VIII Congreso de Materiais** do cal se obteñan experiencias educativas innovadoras para facer unha publicación, xa que a educación en Galicia está pedindo un traballo destas características.



## Grupo de traballo de educación no rural

Alicia López Pardo (*representante do grupo na Asemblea*)



*"Este grupo continúa, coa liña xa asentada dende os seus inicios, cunha participación diversa e unitaria en canto a que está formado por mestras e mestres membros de NEG e por outros non pertencentes."*

Tendo en conta que para numerosas persoas de NEG se trata dunha historia que ven de lonxe, a referida aos xermelos deste grupo comprometido coa problemática do Rural, comezo coa achega dalgún dato sobre a súa traxectoria.

Cóbre non esquecer que as súas orixes remóntanse aos primeiros anos da década dos oitenta - por tanto débese a un movemento xa precursor da histórica Coordinadora de Escola Rural e da Mesa Galega de Educación no Rural -. Foi case tres décadas despois, sobre do ano 2012, cando se reactiva unha nova etapa con mentes de consolidar un grupo mixto coa participación de profesorado da Universidade, e que se consolida na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo grazas á implicación do compañeiro Fran Candia. Co intento de propiciar a presenza na Universidade, ábrese tamén deste xeito a nova posibilidade dunha achega ao alumnado.

Este grupo continúa, coa liña xa asentada dende os seus inicios, cunha participación diversa e unitaria en canto a que está formado por mestras e mestres membros de NEG e por outros non pertencentes, que predominaron nalgún momento. Entre os anos 2012 - 2016 o cumprido Grupo de Traballo retoma un pulo efectivo cun plan amplio de acción, especialmente centrado na actualización e espallamento do Documento Base da Mesa Galega de Educación no Rural, nas defensas deste ante a Administración Educativa e o Parlamento de Galicia, intentando en todo momento a corresponsabilización das Anpas Galegas. Un compromiso principal foi o da organización dosfrutíferos encontros de debate, VIII de Samos el X dos Ancares.

No medio deste activo período, circunstancias lamentables provocaron unha minguía na participación de mestres no grupo, sendo no 2017 un reducido grupo o que asome a organización do X Encontro de Sedes-Narón. Foi nesta convocatoria cuando se produce algunha compensación de esperanzadora apertura, coincidindo coa motivada colaboración de colectivos de zona de Narón e coa participación de Anpas Galegas. Froito desta nova perspectiva son as decisións do referido encontro de Narón encamiñadas á posta en marcha doutro empeñoen unir forzas e repuxar unha nova iniciativa, que ao ano seguinte dará lugar á conformación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural.

Durante este último ano 2018, a difícil fase de ampliación e consolidación da Rede está a recaer no referido grupo, levando a principal responsabilidade desta rodaxe. Nesta fase NEG asome novamente un papel decisivo que recae de xeito máis directo sobre catro dos seus membros que conforman o Grupo de Traballo Rural, do que a día de hoxe e desde NEG, forman parte Francisco Candia, Pedro Rodríguez, Camino Pereiro e Alicia L. Pardo, xunto con outras persoas que non son membros de NEG. Pola necesidade que neste crucial momento se presenta, dito grupo integrouse na súa totalidade na coordinadora da Rede Rural, sendo este cometido de impulsar a consolidación da mesma o que require a completa dedicación dos seus membros.

## Publicacións

### A consolidación da Revista Galega de Educación:

A RGE, unha porta sempre aberta a ti (Consello de redacción da RGE)

Vaia por diante que toda a información sobre a REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN, e mesmo todos os números, do 1 ao 60, están a disposición de quen o desexar na páxina web oficial de Nova Escola Galega ([www.neg.gal](http://www.neg.gal)). A RGE acaba de publicar hai apenas unhas semanas o seu número 72, aínda que, por elementais razóns de supervivencia, os últimos doce números non son ofrecidos aínda en Rede. A RGE comezou a andar no ano 1986. A creación dunha publicación sobre educación en Galicia formaba parte xa do espírito fundacional de Nova Escola Galega no ano 1983, e dispoñía de varios antecedentes informativos e xornalísticos desde 1978, todos impulsados por persoas logo vinculadas en Nova Escola Galega. Cómpre situarse no contexto dun País en

proceso moi primario de reconstrucción social e democrática, momento no que se descubría a necesidade de sacar á luz un instrumento de divulgación e de debate sobre todo aquilo que xirase arredor da educación - dunha nova escola- dese País ao que había que darlle forma. A publicación -a única publicación impresa, xeneralista, que existe na actualidade sobre educación en Galicia- viviu unha primeira etapa ata 1999, a través da disponibilidade de Edicións Xerais de Galicia que daquela non puido continuar. Foi a partir, sobre todo, do ano 2003 cando desde Nova Escola Galega se comenzaron a producir as primeiras tomas de decisión para reiniciar o proceso de publicación desde a propia Asociación, o que se logrou a fins de 2005 co n° duplo 34-

35. Con maior ou menor fortuna e un exercicio de disciplina organizativa que se promoveu desde NEG, a RGE sae á luz tres veces ao ano, dun xeito ininterrompido, desde 2005 ata a actualidade. Alén de publicacións absolutamente recomendables editadas por algunas organizacións sindicais, trátase, como xa se dixo, da única publicación xeneralista impresa sobre educación existente en Galicia. Unha utopía realizada. Un soño cumplido. Con todo, a realidade é teimuda, e as circunstancias que rodean esa outra utopía realizable -a construcción dunha nova escola galega- provocan que a RGE só poida existir desde unha premisa tan elemental como evidente: todas as persoas que a fan posible realizan o seu traballo dun xeito altruista. E, entón, o paradoxo: unha publicación profesional que se converte

"Unha utopía realizada. Un soño cumplido. Con todo, a realidade é teimuda, e as circunstancias que rodean esa outra utopía realizable -a construcción dunha nova escola galega- provocan que a RGE só poida existir desde unha premisa tan elemental como evidente: todas as persoas que a fan posible realizan o seu traballo dun xeito altruista."

en realidade só grazas aos tempos libres das persoas. E, si, do paradoxo derívanse boa parte das dificultades do día a día. A RGE é hoxe un proxecto con dificultades - pero realizable, realista, sustentable- desde o punto de vista económico. Claro que, o cumprimento estrito dos prazos, a divulgación da propia publicación, aumentar o número de subscriptoras/es... convértense, por veces, noutras pequenas utopías. E, tamén, non se pode esquecer o cansazo de persoas concretas que interveñen na súa elaboración, con moitos anos de traballo ás costas. A pesar de todo, a RGE semella hoxe un proxecto consolidado. Non só por todo o apuntado, senón porque hai apenas unhas semanas foi constituído un novo Consello de Redacción.

"..... a RGE semella hoxe un proxecto consolidado. Non só por todo o apuntado, senón porque hai apenas unhas semanas foi constituído un novo Consello de Redacción."



## Nova Escola Galega OPINA:

*A nosa opinión achégase puntualmente (Xosé Ramos, orientador de ensino secundario e docente universitario)*

Nova Escola Galega-Opina é unha publicación informativa para o profesorado e a sociedade en xeral, para establecer a posición de Nova Escola Galega sobre aspectos relevantes da actualidade educativa.

Empezou a editarse en papel para mandar a todos os centros; na actualidade o seu formato é dixital o que axiliza e abarata a edición. Habitualmente a presenza desta publicación é a primeiros de curso para salientar a situación dos diferentes aspectos do sistema e dos centros, sinalando preferentemente os problemas que contrastan co ton propagandístico da Consellería de Educación.

Tamén nos pronunciamos cando existen problemas concretos que merecen a preocupación e o posicionamento da nosa organización. Raro é o curso que non merece tal preocupación a situación da nosa lingua. Ultimamente chegamos tamén a facer recomendacións públicas ás diferentes candidaturas electorais, para ter en conta á hora de ofrecer as súas propostas educativas.



**NEG Opina**

Dende hai varios anos, NEG vén publicando a súa opinión a respecto das diferentes esquinas da educación por medio dunha pequena publicación á que lle demos o nome de **NOVA ESCOLA GALEGA OPINA**. Esta publicación, monográfica, sen periodicidade fixa e de carácter gratuito, vimola editando quando algún tema de importancia sacode o mundo educativo e envíamola a todos os centros de Galicia, ademais de ás nosas asociadas e asociados. Aquí poden verse os últimos números editados e, se se deseja, descargarlos nos vosos computadores.

**Hemeroteca recente**

- UNHA NOVA ETAPA, E EL HABERÁ CAMBIOS? - Outubro 2018
- O DEBATE EDUCATIVO CONVEXADO: AGARDANDO POR GODOT - outubro 2017
- AS REVALÍDAS, UN CASO DE INDIGNIDADE POLÍTICA - outubro 2016
- A REVALIDA DE 6º DE PRIMARIA - abril 2016
- RECOMENDACIÓN: REVISIÓN DA LOMCE - febreiro 2016
- LINGUA E ENXISO: REGRESO AO PASADO? - decembro 2012
- O ANTERPROXECTO DA LOMCE - outubro 2012
- ATAQUE SEN PRECEDENTES AO ENSINO PÚBLICO - maio 2012
- LEI DE CONIVENCIA E PARTICIPACIÓN - xaneiro 2011
- INICIO DO CURSO ESCOLAR: OS EFECTOS DA POLÍTICA EDUCATIVA CONSERVADORA - outubro 2010

Página 1 de 2 | 1 2

**Hemeroteca histórica**

- SOBRE A LEI DE ORDENACIÓN EDUCATIVA - Decembro 2005
- DE LIBROS DE TEXTO E GRATUITADES - Setembro 2005
- EDUCAR EN GALEGO: O COMPROMISO RENOVADO - Setembro 2004
- SOBRE A LEI DE CALIDADE - 2003
- O PROBLEMA DA DIFERENCIACIÓN INSTITUCIONAL E NÓS - Decembro 2002
- NOVA ESCOLA GALEGA ANTE AS REVISIÓNS DA LOXSE - Febreiro 2001
- CONFUSIÓN POLÍTICA E POLÍTICA DA CONFUSIÓN: "REFORMAR A REFORMA" EDUCATIVA - Novembro 1997
- ANTE O DECRETO DE ORIENTACIÓN - Maio 1997

Página 1 de 1 | 1

Página 1 de 1 | 1

Página 1 de 1 | 1

**A última...**

**OPINA**

UNHA NOVA ETAPA, E EL HABERÁ CAMBIOS?

Dende hai varios anos, NEG vén publicando a súa opinión a respecto das diferentes esquinas da educación por medio dunha pequena publicación á que lle demos o nome de **NOVA ESCOLA GALEGA OPINA**. Esta publicación, monográfica, sen periodicidade fixa e de carácter gratuito, vimola editando quando algún tema de importancia sacode o mundo educativo e envíamola a todos os centros de Galicia, ademais de ás nosas asociadas e asociados. Aquí poden verse os últimos números editados e, se se deseja, descargarlos nos vosos computadores.

<http://www.nova-escola-galega.org/WebDefault.aspx?MenuInd=1&MenuId=135&Lng=gl-ES&tl=0>

## Un novo Boletín en NEG!!!

Camino Pereiro e Esther Vázquez (Mestras e integrantes do secretariado de NEG)



Queremos compartirvos a nosa ledicia polo feito de que este novo Boletín Interno chegue a vós. E agradecervos cada actuación que contribuíu enormemente a que así fose.

As voces NEG na Asemblea de marzo de 2018, pedindo máis espazos de encontro, de acollida, de comunicación, de coidado ás persoas; as respuestas (e tamén a ausencia delas) ao cuestionario enviado aos asociados e asociadas dende o Secretariado no xuño seguinte baixo o epígrafe *Estudo, problemas e perspectivas de NEG*; as intensas reunións do Secretariado na procura de camiños compartidos; os artigos escritos a contrareloxo; as revisións ortográficas de Paco Veiga; as contribucións para as

seccións como *Bibliografía* de Carme Simón, para a sección *De Interese* de Xosé Manuel Cid e Fran Candia... e, como non, a maquetación que Camino logrou facer regalándonos, moi ao "novaescola", o seu tempo de lecer.

É moita a satisfacción que nos produce que saia á luz este Boletín polo que apostamos dende a experiencia de cada unha. A experiencia de Camino na súa traxectoria en ámbitos moi diversos da organización escolar, como membro tamén de NEG no Grupo de Traballo de Cavila e no, de Rural e tamén como integrante do Secretariado. A de Esther, no grupo Cambela, e a adquirida coordinando con Manolo López (Lugo) aqueles

primeiros Boletíns da nova etapa, aínda en papel, nos que participaban tamén Montse Castro e Manolo González no Equipo de Redacción. Aínda mantemos neste núm. 0 moitas das seccións coas que Manolo nos abraiou naquela primeira reunión...

E ambas, compartindo un nivel semellante de entusiasmo por reabrir canles de comunicación e entre nós!! Despedímonos coa confianza de que esta iniciativa vai seguir porque cómpre que siga, e vaino facer, como di Mariló Candedo na súa presentación, sendo unha canle aberta xa á participación de todas as persoas asociadas.

Grazas!

## Pensándonos

### A diculturalidade ou a volta ás orixes

Paco Veiga (Consello de redacción da RGE e docente de Lingua e Literatura Galega no ensino secundario)



Ningún momento máis acaído, tal vez, ca este no que comeza a andar unha nova xeira do Boletín Interno -tan útil durante anos para que a utopía da construcción dunha n(N)ova e (E)scola g(G)alega fose tomando forma para facer un exercicio de memoria e tratar de volver, aínda só por un momento, aos principios fundacionais que fixeron posible que este colectivo que formamos siga existindo despois de trinta e cinco anos, eses principios que seguen identificando a escola na que cremos.

Soñabamos en 1983 -seguimos soñando hoxe- unha escola que debía reunir catro condicións para ser, precisamente, a escola que dese resposta ás necesidades educativas deste país. A saber:

1. Ser unha escola pública.
2. Ser unha escola galega.
3. Ser unha escola laica.
4. Ser unha escola democrática.

Con todo, calquera destes catro elementos definidores debe ser analizado hoxe desde a perspectiva da realidade na que vivimos no primeiro cuarto do século XXI. Aquí propoñémonos -por razóns de espazo e mesmo de intención- centrarnos só nun deses catro hipotéticos debates pendentes.

O concepto de escola galega, tal e como a concibiamos xacando, trataba de deseñar unha escola creada para Galicia, que posibilitase o empoderamento dos nenos e nenas galegos no seu idioma, que estivese centrada no medio sen perder a perspectiva do universalismo..., que contribuíse, como ferramenta fundamental, á construcción do país. A cuestión é, claro, se conseguimos crear en verdade esa escola que pretendiamos e, no caso de térmolo atanguido cando menos no esencial, cales son catro décadas despois os logros desta escola galega que soñabamos.

Non se trata só, como xa é evidente, de denunciar que as novas xeracións utilicen cada vez menos o idioma. Recoñezamos, por tamén evidente, que tantos anos teimando no choio en parte só serviron para descubrirmos que incluso alumnado galego falante de orixe manifesta sentirse máis seguro utilizando o castelán por escrito. Claro que, se seguimos facendo exercicio de memoria, xa polos primeiros 80






alertabamos do perigo da *estranxeirización* do idioma, de tratalo -tal vez no subconsciente, tal vez coa consciencia más absoluta, quen sabe- como un idioma estranxeiro... no seu propio país. A memoria tamén nos pode facer evocar neoloxismos de entón que, baixo o paraugas da aparente, da interesada normalidade -*harmonía*, por mellor dicir- foron perdendo presenza no día a día. Analicemos a *diglosia*, pura e dura, con ollos do século XXI... e por que non?

Pois, iso. Se, para nos entender, identificamos a *diglosia* -antes e agora- como un estado de cousas no cal un idioma ten máis prestixio ca o outro co que convive -coas implicacións de toda índole coñecidas-, debemos definir a *diculturalidade* como a situación na que unha das armazóns culturais -unha das *culturas*, vaia- que convive con outra é minusvalorada precisamente diante da súa adversaria poderosa.

A *diculturalidade*, a *diglosia cultural*, é un concepto non desenvolvido aínda -vaia desde aquí o convite para que alguén comece o traballo- que intenta contribuír a analizar precisamente o que nos sucedeu durante estas catro décadas no proceso de construcción -ou o seu intento- dunha escola galega, dunha escola concibida desde e para Galicia, que debería ter contribuído a facer *normais* un idioma... e unha cultura.

Vaia un exemplo mínimo, pero clarificador, do que ten ocorrido. Mientras o recoñecido dramaturgo Carlos Labraña presentaba a súa obra *O apalpador* na sala que *El Corte Inglés* de Santiago ten para os actos culturais, Papá Noel andaba polo centro comercial. É dicir, o "folclórico" estaba recluído nunha sala; o "comercial", dando voltas e vendendo. É evidente que moitas persoas non -diglosicas - claramente- presentan, tamén claramente, actitudes diculturais. A Mesa, por exemplo, sacaba ano a ano unha campaña de prensa arredor da data de San Valentín dirixida ao Presidente Feixó denunciando o escaso amor deste cara á lingua, e iso sucedeu ata que, nun dos anos nos que esta iniciativa foi posta en marcha, alguén advertiu á propia Mesa de que a festa do amor en Galicia, no caso de querer celebrala, debería xirar arredor do Día da Candeloria, cando os paxariños namoran.

Mesmo no ámbito do nacionalismo os exemplos xorden a moreas. Ás veces, dun xeito inocente, por puro descoñecemento; pero ás veces tamén dun xeito premeditado. Non se pode negar que certos sectores do nacionalismo galego intentaron construir un discurso sobre o idioma que o desposuise de todo aquilo que soase a unha pretendida -polos prexúizos que encerra-*anti-modernidade*. Non se pode *normalizar* un idioma dun país *a-normal* - sexa esta anormalidade real ou só percibida-. Non ten -non tivo- sentido tratar de conservar unha lingua desprovista de todo "colchón" cultural, da




FORO ENRIQUE PEINADOR



armazón cultural da que forma parte. A estraneirización da que se falaba máis arriba; o paso previo, á fin, á súa defunción. Foi hai un tempo a, por entón, alcaldesa de Melide Socorro Cea, a primeira figura pública que se atreveu a verbalizar o que viña sendo a percepción dunha parte nada despreciable do activismo lingüístico e cultural. Tal vez sexa chegado o momento no que Galicia deba empezar a pensar en tratar de sobrevivir ao seu idioma. Pero para iso debemos volver ás orixes, a unha concepción da educación que, non perdendo a perspectiva universalista, estea centrada no territorio, sen traumas, sen complexos, con fachenda do que somos, con optimismo cara ao que podemos chegar a ser. O idioma como lábaro, si... pero coa consciencia plena de sermos galegos, de sermos galegas, e de que tamén teñen

dereito a selo -deben selo- os nosos alumnos, as nosas alumnas. E si, galegos/as e universais... porque non se pode chegar a ser cidadán, cidadá, do mundo desde ningures.



<http://www.nova-escola-galega.org/>





# Interactuando no cotián

## Retos da educación infantil

Javier Rouco Ferreiro (Mestre de Ed. Infantil, docente universitario e membro do Secretariado)

A educación infantil:  
"....aposta por un enfoque de trabalho lúdico, ...un coidadoso tratamento didáctico dos espazos e dos tempos, ....unha pedagogía centrada na infancia ... e un deseño curricular globalizado".



Tradicionalmente vénse considerando á Ed. Infantil como unha etapa fortemente innovadora. Efectivamente, en Galicia tanto dende a Universidade como dende as estruturas de formación permanente da Consellería de Educación e os movementos de Renovación Pedagóxica, xuntáronse moitos esforzos por deseñar estes primeiros anos de educación formal dende propostas fondamente asentadas e fundamentadas; sirvan como exemplo as liñas de trabalho marcadas no eido do ensino da lectura, da escritura e das matemáticas dende o enfoque construtivista, a filosofía para crianzas, o traballo por proxectos... Conseguíuse así unha Ed. Infantil definida polos seguintes trazos:

- ~ Unha aposta por un enfoque de trabalho lúdico.
- ~ Un coidadoso tratamento didáctico dos espazos e dos tempos.
- ~ Unha pedagogía centrada na infancia e, polo tanto, que tende a partir dos seus intereses e os seus ritmos ao enfrentarse ás tarefas escolares.
- ~ Un deseño curricular globalizado.

Así e todo, recoñecendo os logros acadados, non se debe caer na autocompracencia e cómpre delimitar os retos pendentes que xorden da análise do día a día nas aulas de educación infantil. Poderíamos detectar os seguintes elementos que necesitan dunha certa atención:

- ~O primeiro ciclo da educación infantil segue sen depender da Consellería de Educación, feito polo que se subliña o seu carácter asistencial en detrimento do educativo. Difícultase así o desenvolvemento de proxectos comúns ou mesmo o acceso a bolsas ou axudas a nivel estatal por parte das familias.
- ~Existe un grande aumento do emprego de materiais didácticos impresos (libros de fichas), mesmo no tramo 0-3, que poden estar a relegar outras aproximacións ao currículo más axeitadas.
- ~En ocasións pódese estar a caer nun "activismo pedagóxico" consistente en facer moitas cousas, pero que descoida a atención a procesos más reflexivos e pousados que tanto ben fan ás crianzas.
- ~Detéctase en moitos casos unha confusión conceptual entre o que serían verdadeiros proxectos de trabalho e as unidades didácticas, o que obstaculiza unha análise profesional rigorosa.
- ~Despois de chegar a case todos os centros a implicación dos especialistas no tramo 3-6, atopámonos con moitos horarios de grupos-clase totalmente "primarizados" nos que é difícil atopar tempos extensos nos que traballar con calma.

Dende este punto de partida, optimista pero crítico e concienciado fronte ao futuro, é no que nos imos situando.



APRENDENDO CON

VIDEOJUEGOS



INVESTIGACIÓN

DE EDUCACIÓN



INVESTIGACIÓN

DE EDUCACIÓN



INVESTIGACIÓN

DE EDUCACIÓN



INVESTIGACIÓN

DE EDUCACIÓN



INVESTIGACIÓN

DE EDUCACIÓN

## *Por un tratamiento integral dos recursos e medios tecnolóxicos na educación*

Camino Pereiro González (Mestra de Ed. Primaria e parte do Secretariado)

Na actualidade un dos retos educativos é favorecer procesos de aprendizaxe nunha realidade social cambiante que demanda a posibilidade de coñecer e ser quen de actuar e interactuar nela dun xeito cada vez máis inmediato. Formamos parte dunha sociedade cada vez máis complexa e vertiginosa, onde os



avances tecnolóxicos, á súa vez, son parte dunha nova configuración identitaria da que a escola non pode excluírse. E constatamos que as rapazas e rapaces de hoxe en día tenden a empregar os recursos tecnolóxicos e mediáticos (computadoras, tabletas electrónicas, teléfonos intelixentes, aplicacións, xogos, redes sociais...) como obxectos de consumo e como elementos de pseudo-relación ou divertimento. Unha vivencia consumista e inmobilista que leva consigo a desinformación. Esta situación coloca as escolas na necesidade de potenciar un uso reflexivo e crítico dos avances tecnolóxicos paliando os seus riscos e problemáticas.

De entender as TIC como un instrumento de aprendizaxe que prima o desenvolvemento competencial, transformándose en Tecnoloxías para a Aprendizaxe e o Coñecemento (TAC) como propoñen numerosas investigacións.

Trátase de ofrecer dende a escola básica un tratamento integral dos recursos e medios tecnolóxicos que, contemplando a porta de acceso á realidade que supón o seu uso, implique a súa análise e comprensión, asentando a aprendizaxe e o coñecemento e abordando a súa dimensión social, primando o seu poder relacional e de cuestonamento da realidade que leva ao empoderamento da cidadanía nos contextos comunicativos na liña da educomunicación.

Fortalecer esta liña de intervención educativa consolidaría as inmensas posibilidades das novas xeracións de constituirse como persoas activas, con capacidade de análise, cuestonamento e ao mesmo tempo, reflexivas e competentes no intre de establecer propostas de acción en todos os ámbitos que configuran a realidade social.

Un desenvolvemento competencial que, complementado coa responsabilidade, suporá un fortalecemento nos procesos de desenvolvemento sustentables e asentados na xustiza social que partan da realidade contextual e que ao mesmo tempo non deixen de lado o concepto de cidadanía global. Falamos dunha escola renovadora que reflexiona, actúa e innova dende a responsabilidade social para configurarse como un espazo de aprendizaxes reais, útiles, equitativos, compensadores das desigualdades e de calidade. Trátase de atender tanto as necesidades individuais como as sociais dende a responsabilidade e a reflexión crítica do que podemos ser e o que queremos ser. Estamos ante unha educación básica e fundamental para o desenvolvemento integral da persoa, é dicir estamos ante a educación primaria.

*"Falamos dunha escola renovadora que reflexiona, actúa e innova dende a responsabilidade social para configurarse como un espazo de aprendizaxes reais, útiles, equitativos, compensadores das desigualdades e de calidade".*



# A vida nas aulas de Secundaria: doce anos despols

Ana Parada Gañete (Orientadora escolar e membro do consello de redacción da RGE)

Para unha persoa recentemente incorporada ao Sistema Educativo Galego, coma miña, escribir sobre o cotián é pór a mirada nun presente tan atractivo coma vertiginoso.

Estou de novo nas aulas de Educación Secundaria: pasou o tempo e cambiou o rol. Acostumarse a percorrer os corredores, a visitar as aulas, a utilizar o xize ao son do timbre. Tamén aos tumultos dos rapaces e das rapazas, ao seu sentir, ao seu expresar, aos seus desexos, ás súas inquietudes e aos seus sufrimentos. Observar, ver, sentir, percibir que dentro das catro paredes do grande edificio do instituto se concentra o fiel reflexo da sociedade na que vivimos. Esa que nós educamos xeración tras xeración.

Agora, dende o outro lado, a realidade é dura, os esforzos insuficientes, a falta de tempo asfixia e as mudanzas son lentas, moi lentas.

Vivir o día a día nas aulas de Secundaria é tan apaixonante coma complexo:

- ~ **Supón** estar involucrado nun dos principais desafíos do século XXI: educar nun mundo democrático, cambiante, globalizado, multicultural e diverso.
- ~ **Implica** un compromiso individual co propio quefacer diario, pero tamén un compromiso colectivo coa educación.
- ~ **Precisa** dunha actitude de predisposición por parte de todos os axentes educativos: familias, profesorado, contorna e sociedade en xeral.
- ~ **Aliméntase** coa formación, coa reflexión individual e colectiva, coa autocriticidade e co traballo en equipo.
- ~ **Susténtase** nuns valores que teñen como finalidade última o máximo desenvolvemento posible do noso alumnado.
- ~ **Desenvólvese** con culturas, prácticas e políticas educativas que camiñen cara a unha educación cada vez máis inclusiva.

E **morre** coa falta de esforzo, coa desidia e coa soberbia. Vivir o día a día nas aulas dende o Departamento de Orientación supón unha posición privilexiada de observadora dos *afáns cotiáns* da escola, é dicir, *situacións tan correntes dentro das aulas que non reflexionamos sobre elas* (Jackson, 1991) pero que condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado. **Recordemos, para quen non o lembre, que o primeiro non ten sentido sen o segundo.** Porén, tamén supón estar sempre no punto de mira, pois dende ese rol de *especialistas* debemos ser quen de dar respostas máxicas? - a todo, a todos e todas, a calquera situación e a calquera circunstancia. A realidade é que ás veces a cuestión principal é voltear a mirada cara a un mesmo, observarse -no pasado, no presente e no futuro- e non perder de vista **para quen somos e para quen estamos**. Volver ás aulas de Secundaria despoxos de tempo ás veces é triste, polo que pudo ser e non foi; pero tamén é esperanzador, polo que aínda se pode facer. Esta ambivalencia de emocións, lonxe de ser negativa, é a que empurra cara a esa educación utópica á que todos e todas nos debemos dirixir pois, como ben nos dicía Eduardo Galeano, **a utopía serve para iso, para camiñar.**



"*Observar, ver, sentir, percibir que dentro das catro paredes do instituto se concentra o fiel reflexo da sociedade na que vivimos*".



## En nome dos asociados e asociadas de NEG que nunca saímos da Universidade

Xosé Manuel Cid Fernández (Docente universitario)

".... a inestabilidade laboral pode acabar esgotando e queimando as persoas más resistentes e profesionais prometedoras".



Eu, como membro de Nova Escola Galega que exercín os meus corenta anos de profesión na Universidade, teño o privilexio de ser desa xeración ponte entre os que me ensinaron o que é a renovación pedagóxica e os que puideron aprender comigo algo relativo a esas cuestiós.

No mundo universitario é máis difícil renovar as prácticas educativas, pois o contacto con estudiantes é só unha parte do exercicio profesional. Cando eu comecei, o acceso aos corpos docentes de funcionarios só se conseguía despois dunha longa carreira de atrancos, que xiraba ao redor dos 10 anos, nos que o que máis ía pesar na promoción profesional era a producción investigadora, mentres a docencia contaba só os anos de dedicación e as materias impartidas, e se acaso a defensa dun proxecto docente diante do tribunal, que a non ser que fose

sen preparar, difficilmente se podía reprobar.

Se daquela eran 10 anos, hoxe en día poden chegar aos 20, e con isto xa podes entender que a inestabilidade laboral pode acabar esgotando e queimando as persoas más resistentes e profesionais prometedoras.

Neses case 20 anos comézase por investigar arreo, sen reparar nas horas laborais que ten a semana, o mes e o ano, e as décadas, con contratos na maior parte dos casos precarios, uns legais, e outros inventados para cubrir urxencias de docencia. Neses condicións que se pode renovar?

As persoas con sangue renovadora comezan por seleccionar lecturas axeitadas nas publicacións mais vanguardistas, utilizan métodos novos para traballar eses materiais, poñen o estudiantado en contacto cos escenarios da práctica profesional, facendo saídas ou traendo ás aulas boas prácticas da profesión, relativizan o valor dos exames, buscando que o traballo sexa agradable e motivador, conducindo ao éxito do alumnado, fan uso da lingua propia nas aulas, axudan a cuestionar a realidade social e educativa, a pensar dun xeito alternativo, a traballar en equipo, etc.

Pero iso é na terceira parte da súa actividade contratada. Nas outras dúas partes, mais en todas as horas extra non computadas, a investigación consume a xuventude e as utopías das rapazas e rapaces que aspiran a cambiar a vida das universidades. Investigar é tamén unha actividade que pode levar consigo prácticas renovadoras, mais non sempre. A investigación ten lugar no marco de grupos de investigación que teñen xa os temas, os métodos, os intereses decididos, e non sempre responden a criterios de cambio en educación.

"A investigación ten lugar no marco de grupos de investigación que teñen xa os temas, os métodos, os intereses decididos, e non sempre responden a criterios de cambio en educación".



Se hai sorte na posibilidade de introducir temas orixinais, de interese para a práctica educativa, e abordalos con metodoloxías novas como pode ser a investigación-acción, o traballo cooperativo con outros participantes da actividade práctica e da actividade investigadora, efectivamente estamos ante casos de renovación educativa desde a acción investigadora.


"Manter revistas en galego, publicar nas editoriais galegas, non está prohibido, pero non serve para presentarse a concursos de méritos e oposicións de docencia universitaria".

Algo se ten feito nese senso ao longo dos anos. Pero o balance non pode ser para estar satisfeitos. Aquelas persoas ás que lles guste ler investigación universitaria para ter ideas nas que fundamentar a súa práctica ou mesmo encontrar nas publicacións, materiais e recursos útiles para realizar experiencias innovadoras, cada vez van encontrar menos materiais deste perfil en galego e en libros de divulgación. Terán que ir necesariamente a revistas chamadas de impacto, nas que o persoal que queira facer carreira universitaria está obrigado a publicar, ou en caso contrario, renunciar a esa carreira docente.

Manter revistas en galego, publicar nas editoriais galegas, non está prohibido, pero non serve para presentarse a concursos de méritos e oposicións de docencia universitaria.

Está é unha tendencia xeralizada ao mundo universitario, contra a cal non poden facer moito as universidades galegas, pero na miña opinión, nin o intentan, deixando as vicerreitorías de investigación en mans de profesorado de Ciencias Experimentais, que aplican os seus parámetros a todas as demais ciencias e campos de coñecemento, pechando portas a iniciativas académicas e investigadoras que moito teñen contribuído ao coñecemento científico en Galicia e en galego.

Espero que esta historia non se siga escribindo nesta dirección, pero case son pesimista, ou como moi excéptico activo, como lles gustaba dicir aos meus mestres e mestras de renovación e de educación para a paz.



*Liberdade, por Zenos Frudakis*



# NEG escoita

## Novos camiños por percorrer

Rubén Maña Ares (Historiador e docente de ensino secundario)



"No eido educativo, alén do conxunto de dificultades máis vencelladas aos quefaceres cotiáns débeselles sumar o conxunto lexislativo que se articula baixo o xugo do neoliberalismo e que non ten o máis mínimo reparo en mercantilizar ata os servizos más fundamentais seguindo supostas premisas de "innovación" e "desenvolvemento".

É enormemente complicado analizar o momento exacto que nos toca vivir para tratar de albiscar nel as ferramentas que permitan construír novos camiños certeiros e que conduzan cara a novos horizontes reconfortantes. O paso dos anos permite, entre outras cousas, observar o percorrido feito cunha ollada máis ampla que facilita poder percibir acertos e erros. Recoller esa bagaxe é preciso para tratar de cimentar novas propostas áinda que isto sempre cree dúbidas, xa que novos contextos e factores fan que non se poida ter a certeza sobre os resultados futuros.

Se nos centramos no papel dos *Movementos de Renovación Pedagólica*, o camiño é frutífero a moitos niveis e presentan un importante percorrido, pero se practicamos un dos principios fundamentais deste tipo de asociacións de docentes, a crítica, debemos dicir que é insuficiente. O inconformismo é unha parte esencial da perspectiva transformadora que os *MRP* sempre defenderon. Hoxe en día o noso inconformismo debe seguir estando totalmente latente xa que a situación pola que atravesa a educación pública dista moito de ser a máis deseñable. No eido educativo, alén do conxunto de dificultades máis vencelladas aos quefaceres cotiáns débeselles sumar o conxunto lexislativo que se articula baixo o xugo do neoliberalismo e que non ten o máis mínimo reparo en mercantilizar ata os servizos más fundamentais seguindo supostas premisas de "innovación" e "desenvolvemento".

"recruamento" como sociedade e país.

Desde a perspectiva dun historiador novo, creo que o termo **incerteza** se podería tratar dun berro xeracional por ser unha sensación que percorreu e percorre o corpo e mente de gran parte dos mozos e mozas desde xa hai unha década. Igual que a década de 1970 fora titulada por Ben-Cho-Sey como o "tempo da decrúa", facendo alusión a un momento de reverdecer para a lingua galega despois dunha *longa noite de pedra*, hoxe atopámonos inmersos nun proceso de



Por unha banda, Galiza atópase no medio da encrucillada da globalización con todo o que iso implica a nivel identitario; por outro lado, vénse evidenciando unha importante ruptura xeracional así como a reconfiguración dos códigos e canles de comunicación.

No Estado Español, sucesos sociais e políticos parecían abrir unha xanela de oportunidade para cambios e transformacións profundas, pero o que ilusionou parte dunha sociedade que via ecos de *revolución*, tornouse nun *reaxuste* do sistema do máis frustrante.

Do mesmo xeito que no último terzo do século XX, ou incluso algúns anos antes, cando se produciu un xermolar de asociacións de profesores e profesoras críticas co modelo socio-educativo instaurado, hoxe as novas xeracións temos un traballo de gran importancia fronte a nós e debemos arredarnos dunha pasividade e inmobilidade na que nos quixeron e queren colocar.

É preciso conseguir un novo dinamismo e vitalidade, igual que un día protagonizaron os MRP galegos co seu nacemento; non é sínxelo pero é preciso. Recordo perfectamente unha frase que reproduciu un profesor durante os meus anos na universidade. Na súa aparente simpleza, particularmente apreciei unha profunda carga transformadora futura debido á irrefreable necesidade de cambios. Permitiúme aumentar a miña concepción crítica con moitas posturas presuntamente progresistas e que realmente non pretendía máis que reproducir vellas fórmulas sen comprender nin ler os novos momentos e contextos, pecando dunha enorme miopía histórica. Esa frase dicía: *Non podemos ser nostáxicos do pasado.*

Os sectores sociais con posturas de contrapoder e contraculturais deben observar a realidade coa claridade suficiente para darse conta da necesidade de novas propostas e da urgencia de medidas concretas que aplaquen as novas vías que están comezando a ser exploradas por parte dos sectores máis retrógrados.

".... Galiza atópase no medio da encrucillada da globalización con todo o que iso implica a nivel identitario; por outro lado, vénse evidenciando unha importante ruptura xeracional así como a reconfiguración dos códigos e canles de comunicación."

*"Desde a perspectiva dun historiador novo, creo que o termo incerteza se podería tratar dun berro xeracional por ser unha sensación que percorreu e percorre o corpo e mente de gran parte dos mozos e mozas desde xa hai unha década."*

## De interese



**O 8M comeza en Lugo**

**"Por todas as mulleres, por todos os dereitos, revolta feminista"**

Temas: QUEREMOS GALEGO GLORIA LAGO GALICIA BILINGÜE CIUDADANOS TSXG GALICIA GALIZA PSOE XUSTIZA ESPAÑOL LUGO BNG PP GALEGO

### Así é a sentenza que condena ao galego a ser unha lingua de segunda en Galicia

A presidente de Galicia Bilingüe e Hablemos Español felicitouse por un fallo "que servirá jurisprudencial", mentres que a Mesa denuncia a existencia de "preuixos ideolóxicos e políticos" contra un idioma propios da extrema dereita.

Pe Galicia Confidencial | Compartida | 23/02/2019 | Actualizada el 21/06

O concello de Lugo aprobaba en 2012 unha ordenanza de normalización lingüística por unanimidade do pleno da corporación, é dicir, polo PP, PSOE e BNG. Esta ordenanza era denunciada ese mesmo ano nos tribunais por Galicia Bilingüe, hoxe integrada na entidade Hablemos Español, o dixido temén por Gloria Lago. Tras un litio de 4 anos, en 2016 o Sólo de Contencioso do TSXG anulou total ou parcialmente 12 artículos desta ordenanza o que provocou que o concello recurrisse, novamente, ao Tribunal Supremo.

Case tres anos despois o Supremo acaba de fecer público o seu propio veredicto no que mantién o criterio inicial, é dicir, que se anulen eses doce artigos. Un serio revés para a supervivencia do galego nun momento, ademais, de máxima debilidade para este idioma.

<http://www.galiciaconfidencial.com/noticia/86919-sentenza-condena-galego-ser-lingua-segunda-galicia>

### Pontevedra nos anos do medo

DOMINGO, 27 DE ENERO DE 2019

Sindicalistas de Vigo (1)

A causa 711/36 contra os procesados José Caldas Iglesias, Antonio Carballo Vázquez e Julio Vilaboa Villar, presos no cárcere de Vigo, así como contra dezaltos más declarados en rebeldía, contén unida unha peza separada da 142/36; nesta peza separada aparece interesante información sobre o xuízo seguido contra os concelleiros vigueses Caldas (socialista) e Carballo (Izquierda

PONTEVEDRA NOS ANOS DO MEDO. Golpe militar e represión (1936-1939), ED. XERAIS 2013. 2ª ED. (2014)

Pontevedra nos anos do medo

2ª edición

DATOS PERSONALES ARCHIVO DEL BLOG

SERMOSEN GALIZA

Relixión, obrigatoria de facto no bacharelato

Pepe Alvarez : <http://anosdomedo.blogspot.com>



<https://www.sermosgaliza.gal/articulo/social/religion-obrigatoria-facto-bacharelato-galego/20190220124554076276.html>



21 DE FEBREIRO DE 2019  
**VISITAS GUIADAS**  
"CASTELAO MAXISTRAL" (Goiás, de 17 a 18h)  
"ALBA DE GRORIA" (Museo do Pobo Galego, de 18:30 a 19:30h)  
Reserva a túa praza en:  
**NEG+NEG.GAL**  
Antes do 10 de febreiro





Matrícula do 1 ao 20 de marzo

**PLATAFORMA GALEGA  
EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO**



farodevigo.es > Sociedad > Noticias de Súbdito de Casalao

Ver todos os artigos da Galaxia

## "Ponte... nas ondas!" reivindica a Xesús R. Jares no Día da Radio

Emirán un documental e o acto de entrega do premio "Suso Jares"

Revisor | Fechado | 02.02.2018 | 61 | 0

Coidado co decimo aniversario do pasamento de Xesús R. Jares, "Ponte... nas ondas!"

reivindica o veneno 13 de febreiro a súa figura.

Nese día, amitráñase o acto de entrega da edición

do premio "Recoñecemento Suso Jares".

Foxinga de Vigo e o grupo de traballo

Educadores da paz (Appozal) de Nova Escola

Galega (NEG) concederán a escola infantil Santa

Cristina de Levedores. Este premio por un veloz

initiativa educativa da zona de Vigo que obran

en prol da convivencia escolar e da cultura da paz.

Contará coa presenza de Raquel García Noche, Manuel Brogapo, António G. Teixeira, representantes de

Agapepe e outras perspectivas das escuelas galegas.

Ademais, emiránse un documental con testemuñas do labou de Xesús R. Jares xunto con imaxes.



**"Ponte... nas ondas!" reivindica a Xesús R. Jares no Día da Radio**  
<https://www.farodevigo.es>

Año de Manuel Brogapo. Vigo Galicia

## Brétemas

Autor Arquivo do Blog Outros



Onte 2011: Recoñecementos Suso Jares de programas de convivencia escolar



Bei ben vixiña a cerimonia na que onte, coincidindo no Día escolar polo paz e a non violencia, se entregaron os "Recoñecementos Súbdito de programas e iniciativas de convivencia escolar", promovidos por OXINTENS e Nova Escola Galega. Premios que nesa edición foron entregados, na categoría 1, dedicada a programas de convivencia pacífica, igualitaria e inclusiva nos centros escolar e a proxectos innovadores en prol da cultura de paz promovidos por centros educativos (Infantil 0-3 e 3-6 anos, Primaria e Secundaria), ao proxecto "Galaremos os bosques" promovido comunmente pola Escola Infantil Municipal Santa Cristina e a Escola Infantil Municipal Mestres Godar, ambos os dous centros de 0-3 anos. Menores que na categoría 2, dedicada a políticas e programas públicos e iniciativas ou traballo promovidos por entidades locais, institucións, administracións, empresas e asociacións.

**Onte 2011: Recoñecementos Suso Jares de programas de convivencia escolar**  
<https://bretemas.gal/>

## Isto acontece




TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO

Mércores, día 6 de marzo, ás 19 horas, no salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo.  
A actividade é aberta e gratuita.



X SEMINARIO-OBRADOIRO INTERNACIONAL DE AVALIACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS  
Bertamiráns, 29 e 30 de marzo



XXXIII ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ  
O Carballiño 3, 4 e 5 de maio de 2019



elaborada polo alumnado do 1º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e do Doble Grao da Facultade de Formación do Profesorado do Campus Terra (USC) e que se presenta co gallo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Quere expresaralle o seu agradecemento pola súa visita.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Biblioteca pública de lugo

X 21

Entre os días 1 e 17 de marzo pode visitarse no vestíbulo da Biblioteca Pública de Lugo (Av. Ramón Ferreiro) unha exposición sobre algunas das mulleres educadoras más sobranceiras na historia de Galiza e de todo o mundo. A Biblioteca organiza esta actividade co gallo da celebración do 8 DE MARZO, Día Internacional da Muller. A exposición está composta por pósters elaborados por alumnado da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo, materia "Teoría e Historia da Educación Escolar"), acompañados de materiais bibliográficos de (ou sobre) as educadoras seleccionadas. Acceso libre no horario de apertura: días laborables de 9 a 21 horas e sábados de 10 a 14 horas.

# Bibliografía

Na véspera do 8 de marzo, compartimos esta bibliografía suxerida pola nosa compañeira de NEG Carmen Simón:

## 1. Formación do profesorado e alumnado de secundaria

- Valera , N. :Feminismo para principiantes.  
*Editorial: Zeta Bolsillo (2013)*
- Ngozi Adichie, Chimamanda: Todos deberíamos ser feministas .  
*Editorial: Literatura Random House (2015)*
- Ngozi adichie, Chimamanda.: [Querida Ijeawele. Cómo educar en el feminismo.](#)Bna, Literatura Random House , 2015
- Varela, e Santolaya, A.: [Feminismo para principiantes](#)(Cómic Book). Ediciones B. España ,2018
- De Miguel, A, e De la Rocha, M.: [Historia ilustrada da Tª Feminista](#) . Ed. Melusina.

## 2. Infantil e xuvenil

- Rodríguez Rodríguez, A. e Díaz, N.: [Pioneras. Xerais](#) . 2018
- Fortes, B. e utras: [Escrita e mulleres](#) . Doce ensayos arredor de Virginia Woolf. Sotelo Banco en 2003.
- [Salazar,O.: El hombre que no deberíamos ser.](#) 2017
- Murnau, M., e Sotillo, H.: ['Feminismo ilustrado: ideas para combatir el machismo'](#). Ed. Montena ,2017
- Favilli ,E e Cavallo, F.: ['Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes.](#) Ed.Planeta ,2018
- Lozano, T. e Méndez, Z. (TowaldaRebels): [Hola, guerrera.](#) Ed. Aguilar . 2018
- [Bell Hooks: El Feminismo es para todo el Mundo.](#) Traficantes de sueños. Mapas. Madrid ,2017

## 3. Para afondar


- [TEORÍA FEMINISTA I .DE LA ILUSTRACIÓN AL SEGUNDO SEXO AMORÓS, CELIA - MIGUEL ÁLVAREZ, ANA DE](#) Editorial: [MINERVA](#)
- TEORÍA FEMINISTA 2.DEL FEMINISMO LIBERAL A LA POSMODERNIDAD [AMORÓS, CELIA - MIGUEL ÁLVAREZ, ANA DE](#) Editorial: [MINERVA](#)
- TEORÍA FEMINISTA III: DE LA ILUSTRACIÓN A LA GLOBALIZACIÓN.DE LOS DEBATES SOBRE EL GÉNERO AL MULTICULTURALISMO [AMORÓS, CELIA - MIGUEL ÁLVAREZ, ANA DE](#) Editorial: [MINERVA](#)
- [TIEMPO DE FEMINISMO SOBRE FEMINISMO. PROYECTO ILUSTRADO Y POSTMODERNIDAD AMORÓS, CELIA](#) Editorial: [CATEDRA](#)
- Wollstonecraft, Mary. *Vindicación de los derechos de la mujer* Taurus, 2012 - SOZ 396 WOL
- [Las feministas queremos](#) Isabel Mastrodoménico repasa las [grandes cuestiones y los cambios que reclaman las feministas](#) para llevar a cabo por fin la [revolución digna y humana](#) que se vislumbra en el mundo. Mafalda Feminista.Título del libro: [Mafalda Feminista](#)

### Referencias web


1. <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/senora-dalloway-virginia-woolf-galego/20181210125433074476.html>
2. <https://www.amazon.es/Neoliberalismo-sexual-libre-elecci%C3%B3n-Feminismos/dp/8437634563>
3. [https://www.amazon.es/Pol%C3%ADtica-sexual-Feminismos-Kate-Millett/dp/8437637376/ref=pd\\_sim\\_14\\_1?encoding=UTF8&pd\\_rd\\_i=8437637376&pd\\_rd\\_r=e4d64892-0223-11e9-b077-351724338b6e&pd\\_rd\\_w=L0IA0&pd\\_rd\\_wg=kp4dy&pf\\_rd\\_p=cc1fdbbc2-a24a-4df6-8bce-e68491d548ae&pf\\_rd\\_r=1AE78FKNEARACQ40XX2Z&psc=1&refRID=1AE78FKNEARACQ40XX2Z](https://www.amazon.es/Pol%C3%ADtica-sexual-Feminismos-Kate-Millett/dp/8437637376/ref=pd_sim_14_1?encoding=UTF8&pd_rd_i=8437637376&pd_rd_r=e4d64892-0223-11e9-b077-351724338b6e&pd_rd_w=L0IA0&pd_rd_wg=kp4dy&pf_rd_p=cc1fdbbc2-a24a-4df6-8bce-e68491d548ae&pf_rd_r=1AE78FKNEARACQ40XX2Z&psc=1&refRID=1AE78FKNEARACQ40XX2Z)
4. <http://editorialgalaxia.gal/galaxia-bota-andar-coleccion-feminismos/>
5. <https://www.angelescaso.com/ellas-mismas/>
6. [https://elpais.com/elpais/2018/03/05/escaparate/1520254589\\_583854.html](https://elpais.com/elpais/2018/03/05/escaparate/1520254589_583854.html)
7. [https://www.eldiario.es/cultura/feminismo/Libros-feministas-clase-Reyes-Magos\\_0\\_468603302.html](https://www.eldiario.es/cultura/feminismo/Libros-feministas-clase-Reyes-Magos_0_468603302.html)
8. <https://cribeo.lavanguardia.com/cultura/20182/12-libros-feministas-para-regalar-en-navidad-y-acertar>



## Sorrisos



## DO ENTES



# que facer cos **Robots?** nas escolas e nos fogares?

avaliación de materiais  
x seminario obradoiro internacional

utilización dos robots  
en educación  
infantil, primaria e secundaria

obradoiros participativos  
para iniciarse no desenvolvemento  
práctico dos robots

29 e 30 marzo  
Pazo da Peregrina  
Bertamiráns

Inscrição ata o 15 de marzo  
Entrada de balde  
previa inscripción

Formulario de inscripción



Programa, horarios e más información nas webs

[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)  
[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

+ INFO: [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

organiza

(g) NOVA  
ESCOLA  
GALEGA

**CÁVILA**  
grupo de investigación  
materiales educativos

Concello de AMES



DEPARTAMENTO DE  
PEDAGOGÍA E DIDÁCTICA  
FACULTADE DE FILOSOFÍA, LINGÜÍSTICA  
E ESTUDOS CULTURAIS  
Universidade de Vigo

El  
grupo de  
investigación  
stellee



